

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS PARA O PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL EXISTENTE PARA ALBERGUE TURÍSTICO EN SOBRADELO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Carballeda de Valdeorras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Carballeda de Valdeorras para a rehabilitación dunha edificación tradicional existente para albergue turístico en Sobrado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a "*información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local*".



Segundo.- O artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Cuarto.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.



Quinto.- Que a celebración do Ano Santo Xacobeo nos anos 2021 e 2022 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

O Concello de Carballeda de Valdeorras é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o concello está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendabilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

Do mesmo xeito, a vila forma parte do itinerario do Camiño de Inverno, que segue practicamente o curso natural do río Sil pola comarca ourensá de Valdeorras.

O obxectivo do proxecto é dispoñer dun albergue ligado ao Camiño de Santiago. O albergue centrarase en dar servizo de aloxamento a todo tipo de peregrinos.

A Axencia Turismo de Galicia está por tanto interesada tanto na súa mellora e posta en valor, como na atención e coidado ao peregrino.

O Concello de Carballeda de Valdeorras pretende rehabilitar unha edificación existente para albergue turístico no núcleo de Sobradelo Vello, capital do concello polo que pasa o Camiño de Santiago de Inverno, de xeito que se cubra a demanda de prazas existente, polo que practicamente todos os días pasan peregrinos, e este tramo do camiño carece de albergues.

O proxecto prevé a rehabilitación e reforma interior dunha edificación na que non se actúa sobre a pendente da cuberta, nin sobre as liñas de edificación. Non se actúa, polo tanto, sobre o volume ou sobre a edificabilidade existente, mantendo o perímetro actual da edificación.

A edificación, no seu conxunto, atópase conformada por dúas plantas. A planta baixa formada pola sala de estar na que se atopa a recepción, a zona de preparación de alimentos e a zona de lavandería e uns aseos diferenciados por sexos. A planta alta, á que se accede por unhas escaleiras exteriores, consta dunha habitación múltiple (con catro liteiras e con unha capacidade de 8 usuarios), unha zona de duchas, un aseo e un balcón.

Sexto.- Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén



contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Carballeda de Valdeorras unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

